



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CPI DE BEMBIBRE
Rúa Socortes, 18-15873 Bembibre
881866981
cpi.bembibre@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpi.bembibre/>

CPI DE BEMBIBRE:

PLAN DE CONVIVENCIA

VERSIÓN 14/11/2023

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- NORMATIVA DE REFERENCIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN	3
3.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA	4
4.- DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA NO CENTRO	4
5.- OBXECTIVOS DO PLAN	5
6.- INICIATIVAS, MEDIDAS DE ACTUACIÓN E COMPLEMENTARIAS ORIENTADAS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS	6
6.1.- MEDIDAS PREVENTIVAS ANTES DO COMEZO DO CURSO ESCOLAR	6
6.2.- MEDIDAS PREVENTIVAS AO COMEZO DO CURSO ESCOLAR	7
6.3.- MEDIDAS PREVENTIVAS DURANTE TODO O CURSO ESCOLAR	7
6.4.- OUTROS PROCEDEMENTOS DE TIPO ORGANIZATIVO	8
6.4.1.- <u>Atención á diversidade</u>	8
6.4.2.- <u>Acollida do novo alumnado</u>	9
6.4.3.- <u>Recepción do alumnado estranxeiro e procedente doutras autonomías</u>	9
6.4.4.- <u>Acollida do novo profesorado</u>	9
6.4.5.- <u>Comunicación coas familias</u>	10
6.4.6.- <u>Programa de actividades para a mellora da convivencia e a mellora das relacións interpersonais</u>	11
6.4.7.- <u>Aula de convivencia</u>	11
6.4.8.- <u>A escola de nai e pais</u>	11
7.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA	12
8.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO	12
8.1.- INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA	13
8.2.- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN	14
8.3.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN	18
8.4.- PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS	19
8.5.- GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS	20
8.6.- PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	20
8.7.- RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS	21
8.8.- CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO	21

9.- TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO	21
10.- RECURSOS DISPOÑIBLES	22
11.- A FIGURA DA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA	23
12.- DIFUSIÓN DEL PLAN DE CONVIVENCIA	24
13.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	24
ANEXO: PLAN DE TRABALLO DA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA	25

1.- INTRODUCCIÓN

Aprender a vivir xuntos, aprender a convivir cos demais, ademais de constituir unha finalidade esencial da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais.

Son moitas as razóns que fan que esta aprendizaxe sexa considerada non valiosa en si mesma, senón imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e máis pacífica.

A necesidade de elaborar un plan de convivencia de centro, é un requisito indispensable, non só para cubrir un aspecto legal de obrigado cumprimento, senón para melloral a convivencia e o clima escolar como factor de calidade na educación, melloral a comunicación entre os distintos axentes da comunidade educativa, desenvolver valores democráticos como a tolerancia, a apreciación da diversidade e do diálogo e o fomento da participación de todos, buscar métodos máis eficaces de prevención e resolución pacífica de situacións de conflito e violencia e impulsar a formación integral dos alumnos como boas persoas e favorecer a súa transición dende o CPI a outros centros docentes de formación superior ou á vida laboral.

Desenvolver un plan destas características non pode facerse sin contar coa implicación dos principais destinatarios: os profesores, os alumnos, as familias e todo o persoal do centro en xeral; requírese a total participación de toda a comunidade educativa, impulsando medidas formativas e desenvolvendo actitudes responsables e respetuosas.

2.- NORMATIVA DE REFERENCIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN

O Artigo 10 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, dispón: “O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro”.

O Decreto 8/ 2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 regula no Capítulo II, Sección 1ª, os principios, obxectivos e estrutura do plan de convivencia.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 31 establece que todos os centros educativos elaborarán un plan de convivencia, de conformidade co artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que deberá conter actividades para a adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.

A Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia, establece no seu artigo 3 que

dentro das funcións da persoa coordinadora de benestar e Convivencia estará coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro. Así mesmo, no artigo 4 indica que deberá de elaborar un plan de traballo que incluírase dentro do plan de convivencia do centro.

3.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA

CPI Bembibre é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A denominación do centro é CPI de Bembibre, situado na rúa Socortes nº 16, concello de Val do Dubra. Encóntrase situado nunha zona de ámbito rural cunha poboación de uns 4000 habitantes, caracterizados pola súa adicación principal á agricultura e a gandería.

É un centro de réxime xeral, que ten autorizadas as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.

O centro ten na actualidade un total de 33 profesores/as e 254 alumnos/as.

Aínda que existe algún nivel con dúas unidades, é un centro línea 1, formado por 3 unidades de infantil, 7 de Primaria e 5 de Secundaria.

O horario lectivo do centro é o seguinte:

EI/EP: xornada continua con entrada ás 9:15 horas e saída ás 14:15 horas.

ESO: xornada mixta con entrada ás 9:15 horas e saída ás 14:50 horas, habendo unha hora de clase os luns e martes despois do servizo de comedor, para rematar ás 16:15 horas.

Está adscrito ao noso centro o CEIP Xacinto Amigo Lera de Portomouro, do mesmo Concello.

O nivel sociocultural das familias é moi diverso. Contamos con familias de distintos ámbitos (rural, de servizos, empregados, funcionarios...) e con niveis de formación dispares.

O nivel socioeconómico das familias é medio.

En xeral os pais e nais mostran unha actitude colaboradora co Centro e coa ANPA.

4.- DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

A situación da convivencia no noso centro valorámola como positiva, sendo un centro bastante tranquilo.

Os conflitos entre os alumnos de Infantil e Primaria, aínda que bastante comúns, xeralmente son de escasa importancia. Estes conflitos adoitan xurdir como consecuencia da colisión de intereses (impaciencia por conseguir algún xoguete, disputa por ocupar un lugar, desacordos á hora de realizar un xogo ou actividade...) e teñen que ver có necesario reaxuste da experiencia compartida entre iguais. Adoitan ser leves e transitorios polo que entendemos que non deben ser resoltos mediante actitudes e mensaxes represivos, xa que na maioría das ocasións resolvense de forma pacífica entre eles mesmos. Cando teñamos que intervir intentaremos que os docentes axuden a resolvelos dende unha perspectiva educativa para que, a través do seu tratamento cada neno e nena vaia axustando ao desexado a súa conduta social e internalizando as normas e valores que deben regular a interacción cós demais.

Os conflitos entre o alumnado de secundaria pensamos que poden estar relacionados coa falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, falta de ferramentas para resolver os conflitos adecuadamente... Os máis comúns son: disrupción na aula (interrupcións continuadas ao profesor/profesora, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cós compañeiros...), distracción e falta de interese, olvido do material necesario para o desenvolvemento da clase, desconsideración hacia os compañeiros/as, cuestionar a autoridade do profesor/profesora, contestacións inadecuadas, pequenas pelexas e insultos...

Aínda que non se producen directamente dentro do centro educativo porque está prohibido o uso do teléfono móbil dentro do recinto, é certo que nos últimos anos detectamos un aumento considerable de conflitos relacionados cunha mala utilización das redes sociais e internet.

5.- OBXECTIVOS DO PLAN

- a) Mellorar o clima de convivencia entre os integrantes da comunidade.
- b) Facilitar a toda a comunidade educativa instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura da paz e coa detección e resolución de conflitos no centro.
- c) Concienciar aos membros da comunidade educativa da necesidade de coñecer e respectar os dereitos e deberes de cada un dos colectivos que a forman.
- d) Procurar a mellora do clima escolar mediante cambios físicos, materiais e organizativos do centro que faciliten a convivencia e a consecución dos obxectivos educativos marcados.
- e) Sensibilizar a todos os sectores da comunidade educativa sobre a necesidade de adquirir habilidades sociais, comunicativas, etc., como medio para a prevención e resolución de conflitos de forma pacífica.
- f) Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- g) Promover no centro educativo un clima de respecto mutuo, baseado en valores como a tolerancia, a non discriminación e a igualdade, como medio para conseguir unha convivencia pacífica.
- h) Fomentar o diálogo respectuoso como forma de mellorar a capacidade de interacción coas persoas.
- i) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución dos conflitos que puidesen xurdir no centro, e considerar o conflito como algo inherente á vida cotiá e susceptible de ser utilizado como medio de aprendizaxe na busca de solucións baseadas en actitudes democráticas e dialogadas.
- j) Proporcionar ao profesorado recursos e estratexias para xestionar os conflitos de forma democrática.
- k) Facilitar o intercambio e a difusión de materiais e experiencias de convivencia.
- l) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas, concienciando á comunidade educativa para que

rexeite e denuncie este tipo de manifestacións.

m) Lograr a implicación da comunidade educativa na elaboración e revisións periódicas do Plan de Convivencia, do Plan de Igualdade e das Normas de Organización e Funcionamento, como elementos vertebradores da convivencia no centro.

n) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

ñ) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

6.- INICIATIVAS, MEDIDAS DE ACTUACIÓN E COMPLEMENTARIAS ORIENTADAS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS.

As medidas preventivas terán como principal finalidade a dar resposta anticipada aos problemas potenciais relacionados coa convivencia, a organización e o funcionamento que o centro poida ter. Polo tanto, o Consello Escolar, a Comisión de Convivencia, os demais órganos de goberno del centro, o profesorado e os restantes membros da comunidade educativa porán especial coidado na prevención de actuacións contrarias ás normas de convivencia, obxectivo para o cal establecerán as medidas educativas e formativas necesarias.

O conxunto de medidas preventivas concretas, serán deseñadas para aplicarlas en tres fases diferentes: antes, ao comezo e durante o curso escolar.

6.1.- MEDIDAS PREVENTIVAS ANTES DO COMEZO DO CURSO ESCOLAR

a) Durante o proceso de matriculación e organización previa do curso, informarase ás familias por escrito acerca da existencia do NOF, que recolle entre outros aspectos, as normas de convivencia de carácter xeral que ten establecidas o centro, como por exemplo o uso dos móbiles e outros aparellos electrónicos, entradas e saídas, permanencia no centro, etc...

b) No suposto de ter dúas unidades nun mesmo nivel, procurárase que estes sexan o máis heteroxéneos posibles, distribuindo ao alumnado repetidor equitativamente para evitar os potenciais problemas de convivencia que puidesen derivarse, nalgúns casos, da interrelación social destes.

c) En coordinación co departamento de orientación, realizarase unha reunión co profesorado de cada grupo para informalo das características do alumnado e das medidas de atención á diversidade que habería que valorar na aula e sobre outras cuestións relativas á convivencia que deberían ser do seu coñecemento para a posible prevención de conflitos na aula.

D) Nas últimas semanas de clase do curso anterior e en colaboración coa gardería municipal, realizaremos unha xornada de acollida e familiarización para o alumnado de nova incorporación no curso seguinte á etapa de educación infantil.

e) Elaboración do plan de traballo da coordinadora de benestar e convivencia, que formará parte do Plan de Convivencia e establecerá liñas de traballo para mellorar aspectos relacionados coa convivencia no centro.

6.2.- MEDIDAS PREVENTIVAS AO COMEZO DO CURSO ESCOLAR

- a) Organizarase o primeiro día lectivo de cada curso, unha actividade de presentación e acollida para o alumnado de 1º de ESO, para darlle a benvida e trasladarlle diversa información relacionada coas principais Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento de centro, facendo especial fincapé naquelas que fomentan a convivencia e son prioritarias para un bo funcionamento do mesmo. A esta reunión ademais do titor/a, asistirán a orientadora, a xefa de estudos e o director.
- b) As primeiras sesións de tutoría, estarán dedicadas a informar dos principais aspectos das NOF, sobre todo naqueles que favorezan tanto o coñecemento de sí mesmos como a convivencia e a interrelación entre eles.
- c) Identificarase na avaliación inicial o alumnado con problemas de comportamento social, co obxecto de tomar medidas e corrixir dende o principio as devanditas condutas.
- d) Distribuirase ao alumnado na aula da forma o máis conveniente posible, co obxecto de que favoreza o traballo e a convivencia e evite, na medida do posible, os posibles conflitos que poidan xurdir.
- e) Realizarase a elección dos delegados/as en cada tutoría, como alumno/a representante do grupo e canalizador de suxerencias, propostas, queixas,... etc, dos seus compañeiros/as, cara aos órganos de xestión e goberno do centro.
- f) Durante as primeiras semanas realizaranse reunións de presentación coas familias do profesorado de primaria e ESO. Nesa primeira reunión informaráselles ás familias sobre as principais normas de convivencia e funcionamento do centro, aclarando as dúbidas que poidan xurdir. Ao remate desa reunión aquelas familias que teñan que comunicar calquera incidencia ou problema relacionado co seu fillo/a, poderán facelo de forma individual co titor/a, mantendo así a confidencialidade.

6.3.- MEDIDAS PREVENTIVAS DURANTE TODO O CURSO ESCOLAR

A través do Plan de Acción Titorial:

- a) Sesións específicas de tutoría con técnicas e actividades que traballen e desenvolvan a integración, a educación en valores, a convivencia e o respecto entre o alumnado e, sobre todo, nas que se busquen mecanismos de diálogo e de resolución de conflitos como resposta educativa aos problemas de convivencia que poidan xurdir durante o curso. As devanditas actividades de tutoría estarán presentes en todas as etapas e niveis educativos do centro.
- b) Organización e realización desde o departamento de orientación de actividades como charlas, obradoiros, talleres, Plan Director, etc., que teñan como obxectivo a mellora da convivencia, traballando sobre aspectos relacionados coas relacións interpersoais, a sexualidade, a tolerancia, a igualdade e o respecto.
- c) Disposición permanente da orientadora para atender persoalmente todos aqueles casos relacionados con posibles problemas de convivencia, que afecten ao alumnado de calquera etapa.

A través de todo o profesorado do centro:

- a) Favorecer o diálogo para coñecer mellor ó alumnado e detectar os seus problemas, co obxecto de saber dar máis e mellores respostas aos posibles problemas condutuais e de convivencia que poidan presentarse na aula ou no resto das dependencias do centro.
- b) Manter o compromiso de respecto ás normas de convivencia, velando polo seu cumprimento, tomando en caso necesario as medidas pertinentes.
- c) Realizar a supervisión e vixilancia de todas as dependencias do centro: corredores, aulas, patios de recreo, xardíns, etc., co obxecto de que sexan respectadas por parte de todos e se manteñan limpas, ordenadas e en condicións, cun ambiente que sexa acoledor, agradable e de respecto por parte de todos os membros da comunidade educativa, evitando que se produzan situacións de vandalismo.
- d) Observar e velar para que todo o alumnado, especialmente aquel que poida estar en risco de caer en situación de marxinación, exclusión, illamento ou acoso escolar estea plenamente integrado na comunidade educativa e para, en caso de detectar algunha situación de perigo, pór en funcionamento coa maior celeridade posible as actuacións necesarias.
- e) Intercambiar información e coordinarse de forma permanente a través das titorías, co obxecto de detectar posibles problemas e tomar medidas entre todos/as unificando medidas e criterios de actuación.
- f) Fixaranse reunións do profesorado titor coa Orientadora e tamén co equipo docente. Para mellorar a operatividade destas reunións, o/a profesor/a titor/a do grupo solicitará de todos os docentes información por escrito sobre posibles problemas detectados, dinámicas negativas do grupo - aula e una proposta de posibles solucións.

A través das familias:

- a) Apoiar en todo momento ao profesorado no relativo á súa tarefa docente e, sobre todo, no referente á prevención e corrección de condutas problemáticas e contrarias ás normas de convivencia establecidas polo centro que deberán coñecer.
- b) Manter entrevistas e contactos directos co profesorado con certa periodicidade (sobre todo cos titores/as), en maior medida, cando existan indicios de posibles condutas contrarias á convivencia nos seus fillos/as.
- c) Implicarse directamente e colaborar no cumprimento das Normas de Convivencia por parte dos seus fillos/as e, sobre todo, no cumprimento de determinadas medidas correctoras se as houbese.
- d) comunicar o antes posible ao centro cando teñan coñecemento de posibles situacións de condutas contrarias á convivencia, xa sexan relacionadas co seu fillo/a o con outros.

6.4.- OUTROS PROCEDEMENTOS DE TIPO ORGANIZATIVO

6.4.1.- Atención á diversidade

É a primeira actuación na prevención da violencia. O alumnado con problemas de conduta presenta a miúdo atraso escolar, dada a súa escasa motivación pola aprendizaxe. Nestes casos, é conveniente avaliar a necesidade de tomar algunha das medidas de atención a diversidade que recolle a lexislación vixente. Todo isto será recollido no Plan Xeral de

Atención á Diversidade.

6.4.2.- Acollida do novo alumnado

Actuacións xerais:

- Educación infantil: ademais do periodo de adaptación que establece a normativa, como xa comentamos anteriormente, realizarase unha xornada de presentación e familización co alumnado da gardería municipal nas últimas semanas do curso anterior á súa escolarización.
- Educación primaria: en 1º curso de primaria e no primeiro día de clase, o titor/a da etapa de educación infantil acompañaraos á súa nova aula e lles presentará ao seu novo titor/a.
- Educación secundaria: tal como comentamos antes, para o alumnado de 1º de ESO farase unha reunión de presentación e acollida no primeiro día de clase, á que asistirán o titor/a, a orientadora, a xefa de estudos e o director. Unha vez rematada a presentación, realizarán unha visita guiada polo edificio, para que coñezan os diferentes espazos e aulas.

6.4.3.- Recepción do alumnado estranxeiro e procedente doutras autonomías.

Procedemento a seguir :

- a) A Xefatura de Estudos, co asesoramento do departamento de Orientación, procederá e ao estudo dos datos proporcionados pola familia e, de ser o caso, polo expediente escolar, adscribindo de forma provisional ao alumno a un nivel e grupo.
- b) De ser necesario, os/as docentes elaborarán probas para avaliar a competencia curricular do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias claves.
- c) No caso de ser un/ha alumno/a que presente necesidades educativas especiais, a orientadora procederá a realizar a oportuna avaliación.
- d) A Xefatura de Estudos convocará unha reunión á que asistirá o profesorado implicado na avaliación inicial e o departamento de Orientación, na que se determinarán as necesidades educativas específicas e na que se procederá á adscripción do alumno a un nivel e grupo adoptando as medidas de atención á diversidade necesarias, tanto curriculares como organizativas, segundo o establecido na lexislación vixente.
- e) Unha vez adoptada a decisión, a Xefatura de Estudos convocará ao alumno e a súa familia a unha reunión na que participará o orientador/a. Na dita reunión proporcionaráselle información sobre os resultados da avaliación inicial, o sistema educativo e as decisións relativas á súa escolarización (nivel e medidas de atención específica).
- f) O novo alumnado será acompañado, durante os primeiros días de clase, por un membro do seu grupo para facilitar así a súa integración.

6.4.4.- Acollida do novo profesorado.

Ao chegar ao centro dirixirase á administración, onde cubrirá a documentación que establece a lexislación en relación a súa toma de posesión.

Antes do Claustro que se realiza nos primeiros días de setembro, antes do inicio de curso académico, a todo o profesorado que chega novo ao centro as xefaturas de estudos proporcionaranlle unha serie de documentos como son: horario, enlace ao NOF e ao resto de documentos do centro, listaxes dos grupos aos que lles da clase, indicacións sobre as gardas e sobre como pasar as faltas do alumnado ao Xade, calendario do curso académico, etc...

Así mesmo, no primeiro día de asistencia ao centro, será acompañado por un membro do equipo directivo para recorrer as instalacións, recibindo as indicacións necesarias.

Co profesorado que se incorpora unha vez iniciado o curso seguirase de igual forma. Poñendo especial interese en informalo sobre as características do alumnado dos grupos nos que dará clase e sobre as accións de mellora que se están a levar a cabo.

6.4.5.- Comunicación coas familias

Estas actuacións promoverán o fomento das relacións de colaboración e corresponsabilidade no desenvolvemento educativo do alumnado e a información sobre o proxecto educativo do centro e sobre as normas de organización e funcionamento. Serán levadas a cabo polos distintos membros do persoal docente: profesores/as, titores/as, orientador/a, equipo directivo.

Actividades dos titores:

a) Reunión coas familias nas primeiras semanas lectivas a comezo curso. Nesta reunión informarase sobre as normas de convivencia, as normas de organización do grupo, da avaliación e sobre o funcionamento do propio centro; darase a coñecer así mesmo o equipo docente do/a alumno/a e acordarase a comunicación entre os familiares, o profesorado e o/a titor/a ao longo do curso.

c) Entrevistas individuais periódicas cos pais. Levaranse a cabo cando menos un contacto por trimestre en cada curso con cada familia, preferentemente de forma presencial.

Actividades do equipo docente:

Cada docente ten asignada unha sesión semanal de atención ás familias. A comunicación será solicitada polas familias polos medios posibles (titor/a, alumno/a, teléfono, plataforma Abalar móbil, correo electrónico, etc ...).

Actividades do Departamento de Orientación:

a) Envío da carta de presentación do orientador/a no mes de setembro na que se facilitarán os horarios de atención ás familias e se informará sobre as funcións do/a orientador/a.

b) Entrevistas de coñecemento e de seguimento ao longo de todo o curso, por petición de ámbalas dúas partes.

c) Disposición para realizar un asesoramento sobre temáticas diversas ao longo de todo o curso, en coordinación con xefatura de estudos.

Actividades de Dirección e Xefatura de Estudos:

Disposición continua para comunicarse coas familias ao longo do curso en temas relacionados co proceso de aprendizaxe dos seus/súas fillos/as e en relación aos posibles problemas de convivencia no centro.

6.4.6.- Programa de actividades para a mellora da convivencia e a mellora das relacións interpersonais.

- Cada docente establecerá na súa programación didáctica, actividades destinadas á mellora da convivencia entre os seus alumnos/as.
- A través dos Equipos de bibliotecas, do Equipo de dinamización da Lingua Galega e do D.O., ofertaranse diferentes actividades ao longo do curso, que terán como obxectivo traballar aspectos íntimamente relacionados coa mellora da convivencia no centro. Ditas actividades se desenvolverán aproveitando algunhas das conmemoracións recollidas no calendario escolar.

6.4.7.- A aula de Convivencia

A Aula de convivencia é un espazo inclusivo, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro, a través da Comisión de Convivencia, será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras.

Na reunión da Comisión de Convivencia decidirase canto tempo ten que cumprir o alumno/a na aula de convivencia. Para iso valoraranse as circunstancias persoais e a gravidade da falta cometida.

O tempo que o alumnado permaneza na aula inclusiva, será dedicado a desenvolver as tarefas que o profesorado ten a obriga de proporcionar mentres dure a suspensión. Do mesmo xeito, a aula de convivencia estará atendida polo profesorado de garda que lle corresponda en cada hora.

6.4.8.- A escola de nai e pais.

A Tráves do centro educativo e coa colaboración do CAFI poderán organizar o programa de escola de nais e pais, buscando entre outras cousas:

- a) Promover a participación consciente no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos, recoñecendo o seu papel fundamental como axentes educativos dentro dunha comunidade.
- b) Promover o coñecemento das características da e das necesidades dun adolescente para entender o proceso de desenrolo polo que está a pasar seu fillo ou filla e facilitar o seu crecemento integral.

- c) Promover o coñecemento das situacións de risco nas que se poden atopar os seus fillos ou fillas.
- d) Dotar aos pais e nais de ferramentas e estratexias que lles permitan afrontar as dificultades e problemas que poidan xurdir dentro do ámbito familiar.

7.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Finalidade.

Formando parte do Consello Escolar, será o órgano encargado de velar polo correcto exercicio dos dereitos e deberes do alumnado do centro así como das relacións entre os diferentes sectores da comunidade educativa.

Composición.

A Comisión de Convivencia, que se renovará anualmente nunha xuntanza do Consello Escolar no mes de setembro, está integrada por:

- a) O Director do centro que actuará como presidente/a da comisión.
- b) Os Xefes de Estudos.
- b) Un representante do profesorado do Consello Escolar.
- c) Un pai ou nai elixido entre os representantes dos mesmos no Consello Escolar ou, no seu defecto, por acordo do Consello Escolar e seguindo o procedemento que este decida, entre os membros da ANPA
- d) Un representante do alumnado elixido entre os representantes dos mesmos no Consello Escolar ou, no seu defecto, por acordo do Consello Escolar e seguindo o procedemento que este decida, entre os membros da Xunta de Delegados.

Principais atribucións.

- 1.-Propoñer modificacións e coñecer as propostas de modificación das Normas de Organización e Funcionamento que poidan aportar os distintos sectores e informar das mesmas ao Consello Escolar para a súa posible aprobación.
- 2.-Coñecer o incumprimento grave ou moi grave das normas de convivencia do centro e supervisar as sancións impostas.
- 3.-Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque as medidas disciplinarias adoptadas se atean á normativa vixente.
- 4.-No caso de faltas tipificadas como graves ou moi graves no NOF ou, no seu defecto, na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, susceptibles da instrución dun procedemento disciplinario, a Comisión de Convivencia poderá propoñer solucións previas seguindo o procedemento que se describe no artigo 4.
- 6.-Elaborará anualmente unha avaliación da convivencia no centro e sinalará, a partir da mesma, os obxectivos de mellora para o curso seguinte.

8.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

As normas de convivencia están recollidas nun documento público denominado “Normas de Organización e Funcionamento”, ao que terá acceso calquera persona dirixíndose á seguinte dirección web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpibembibre/system/files/NOF%20VERSI%C3%93N%2008-09-23%20.pdf>

Este documento é o que regula o funcionamento do centro a nivel xeral, establecendo unhas pautas de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa, así como as correccións ás condutas contrarias a convivencia reflectidas nese documento.

O documento consta dos seguintes capítulos:

- CAPÍTULO 1 INTRODUCCIÓN
- CAPÍTULO 2 ASPECTOS MATERIAIS
- CAPÍTULO 3 ESPAZOS
- CAPÍTULO 4 ASPECTOS PERSOAIS
- CAPÍTULO 5 NORMAS DE CONVIVENCIA
- CAPÍTULO 6 SESIÓNS DE AVALIACIÓN
- CAPÍTULO 7 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- CAPÍTULO 8 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- CAPÍTULO 9 NORMAS DA BIBLIOTECA
- CAPÍTULO 10 EXERCICIO DO DEREITO DE REUNIÓN DO ALUMNADO E DE FOLGA
- CAPÍTULO 11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
- CAPÍTULO 12 PROCESO DE ADSCRICIÓN DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA
- CAPÍTULO 13 DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO NOS GRUPOS E CAMBIOS NAS MATERIAS OPTATIVAS
- CAPÍTULO 14 MODIFICACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
- CAPÍTULO 15 DISPOSICIÓNS FINAIS
- ANEXO I CONVOCATORIA DE REUNIÓN PARA A PREVENCIÓN DO ABSENTISMO ESCOLAR
- ANEXO II ACTA DE REUNIÓN PARA A PREVENCIÓN DO ABSENTISMO ESCOLAR
- ANEXO III ACTA DE ASAMBLEA DE ALUMNOS/AS
- ANEXO IV COMUNICACIÓN DE FOLGA ÁS FAMILIAS
- ANEXO V SOLICITUDE COPIA DE EXAMES

8.1.- INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.

1.- Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o

desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

2.- Así mesmo, poderán corrixiarse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte ao establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (as posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar).

8.2.- CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN.

Serán consideradas condutas leves contrarias á convivencia do centro as que sexan equiparables ás seguintes:

1) Os actos que perturben ou interrompan o normal desenvolvemento da clase.

Posibles correccións:

- Amonestación verbal privada.
- Perda de recreo.

2) Interromper reiteradamente o normal desenvolvemento da clase, falando, gritando, rindo, levantándose e xogando.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias e comunicación aos pais por escrito.
- Realización de tarefas.
- Perda do dereito a actividades complementarias.
- Perda/suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período máximo de tres días lectivos.

3) Perturbar as actividades de estudo/lectura na biblioteca.

Posibles correccións:

- Amonestación verbal privada.

4) Perturbar reiteradamente as actividades de estudo/lectura na biblioteca. (Profesor/a que asista a biblioteca).

- Expulsión da biblioteca e perda do dereito de asistir a ela nun prazo de dúas semanas.

5) Tres faltas de asistencia ao centro non xustificadas.

Posibles correccións:

- Amonestación por escrito dirixida aos pais.

6) As faltas de puntualidade que se consideran retraso.

Posibles correccións:

- Amonestación verbal privada.

7) A acumulación de retrasos sen xustificar.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias e comunicación por escrito aos pais.

8) Permanecer (sen permiso explícito dun profesor/a, persoal laboral ou persoal encargado da vixilancia do comedor) nas aulas, corredores e baños do edificio escolar durante os recreos ou intercambios de clase.

Posibles correccións:

- Amonestación verbal privada.
- Perda de recreo

9) Permanecer reiteradamente (sen permiso explícito dun profesor/a, persoal laboral ou persoal encargado da vixilancia do comedor) nas aulas, corredores e baños do edificio escolar durante os recreos ou intercambios de clase.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias e comunicación escrita aos pais.

10) Entrar ou saír, sen permiso explícito ou coa xustificación de circunstancia de mobilidade, pola porta de acceso restrinxido.

Posibles correccións:

- Amonestación verbal privada.

11) Entrar ou saír reiteradamente, sen permiso explícito ou coa xustificación de circunstancia de mobilidade, pola porta de acceso restrinxido.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias.

12) Utilizar ou ter encendidos no centro aparatos gravadores e/ou reprodutores, teléfonos móbiles, alarmas sonoras e outros obxectos que poidan perturbar o curso normal das clases.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias e comunicación por escrito do titor aos pais para que veñan a recoller o obxecto.

13) Comer ou mascar chicle na clase. Reiteración.

Posibles correccións:

- Amonestación verbal privada.
- Perda de recreo.

14) A actitude indiferente por parte dun alumno hacia as actividades do proceso ensino-aprendizaxe.

Posibles correccións:

- Amonestación verbal privada.
- Traballos complementarios relacionados coa materia.

15) A actitude indiferente sistemática por parte dun alumno hacia as actividades do proceso ensino-aprendizaxe.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias e comunicación escrita aos pais por parte do titor.

16) Ignorar as chamadas de atención do persoal docente e non docente do centro.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias e comunicación por escrito aos pais.

- Perda do dereito a actividades complementarias.

17) Non presentarse ante o X.E.ou profesor/a de garda tras indicacións do profesor/a ou calquera outro membro da comunidade educativa.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias.
- Realización de tarefas.
- Perda do dereito de asistencia a actividades complementarias.

18) Dirixirse a calquera membro da comunidade escolar sen o debido respecto e/ou con desconsideración (insultos leves, menosprezos, disputas, agresión físicas ou psicolóxicas leves, ameazas, coaccións...).

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación aos pais e realización de tarefas.
- Parte de incidencias con comunicación aos pais e perda do dereito de actividades complementarias.

19) Dirixirse reiteradamente a calquera membro da comunidade escolar sen o debido respecto e/ou con desconsideración (insultos leves, menosprezos, disputas, agresión físicas ou psicolóxicas leves, ameazas, coaccións...).

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación aos pais.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de tres días lectivos.
- Aula de Convivencia.

20) Mentir e/ou afirmar conversas ou ordes do persoal docente ou non docente que non se produciron en realidade.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación aos pais.

21) Mentir e/ou afirmar reiteradamente conversas ou ordes do persoal docente ou non docente que non se produciron en realidade.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación aos pais e realización de tarefas.
- Parte de incidencias con comunicación aos pais e perda do dereito de actividades complementarias.

22) Negarse a responder ante preguntas realizadas por persoal docente en relación con cuestións do centro educativo.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias e comunicación por escrito aos pais.

23) Negarse a responder reiteradamente ante preguntas realizadas por persoal docente en relación con cuestións do centro educativo.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais e realización de tarefas.

24) Actos de discriminación contra os membros da comunidade educativa por razón de

nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais ou calquera outra condición persoal ou social.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais e realización de tarefas.
- Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais e perda do dereito de actividades complementarias.

25) Actos reiterados de discriminación contra os membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais ou calquera outra condición persoal ou social.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un periodo máximo de tres días lectivos.
- Aula de Convivencia.

26) As actuacións perxudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación aos pais e realización de tarefas.

27) As actuacións reiteradas perxudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación aos pais.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un periodo máximo de tres días lectivos.
- Aula de Convivencia.

28) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias e extraescolares cando non constituía conducta gravemente perxudicial para a convivencia.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación escrita aos pais e realización de tarefas.

29) Portar reiteradamente calquera obxecto, sustancia ou produto perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias e extraescolares cando non constituía conducta gravemente perxudicial para a convivencia.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación escrita aos pais.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un periodo máximo de tres días lectivos.
- Aula de Convivencia.

30) O deterioro non grave das dependencias do centro e dos obxectos e pertenzas da comunidade educativa así como a súa substracción, causado intencionadamente. Enténdese por deterioro non grave pintar, escribir, ensuciar, romper paredes ou mobiliario do centro ou de calquera membro da comunidade educativa.

Posibles correccións:

- Amonestación verbal privada con reparación do dano.
- Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais e reparar os obxectos danados ou correr cos gastos ocasionados.
- Reparación de danos e realización de tarefas con comunicación por escrito aos pais.

31) O deterioro reiterado non grave das dependencias do centro e dos obxectos e pertenzas da comunidade educativa así como a súa substracción, causado intencionadamente. Enténdese por deterioro non grave pintar, escribir, ensuciar, romper paredes ou mobiliario do centro ou de calquera membro da comunidade educativa.

Posibles correccións:

- Parte de incidencias con comunicación por escrito aos pais e reparar os obxectos danados ou correr cos gastos ocasionados.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período máximo de tres días lectivos.
- Aula de Convivencia.

32) Acumulación de tres partes de incidencias.

Posibles correccións:

- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de tres días lectivos.
- Aula de Convivencia.

Calquera outra conduta análoga que sen estar expresamente tipificada neste NOF será considerada contraria á convivencia do Centro.

8.3.- CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN.

Serán consideradas condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do centro as que sexan equiparables ás seguintes:

Implican a apertura dunha tramitación do procedemento disciplinario.

- 1) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os membros da comunidade educativa.
- 2) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- 3) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- 4) A gravación, manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e

familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

5) As actuacións que constitúan acoso escolar consoante o establecido polo artigo 28 da Lei/2011, do 30 de xuño.

6) A suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

7) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa e de terceiros, así como a súa subtracción.

8) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

9) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

10) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde e a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando se é requerido para iso polo profesorado ou persoal de vixilancia.

11) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de conductas leves contrarias á convivencia.

12) O incumprimento das sancións impostas.

Unha vez rematado o procedemento corrector, poderanse aplicar as seguintes medidas correctoras:

- Realización dentro e fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

- Cambio de grupo.

- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- Cambio de centro.

8.4.- PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

1.- As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro.

2.- Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do seu dereito á educación, nin do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

3.- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e a dignidade persoal do alumnado.

4.- A imposición das correccións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuir á mellora do seu proceso educativo.

5.- Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.

6.- Como complemento as medidas correctoras o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado tutor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar ao resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

8.5.- GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración os seguintes criterios:

1.- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

2.- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

3.- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

4.- A natureza dos prexuízos causados

5.- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

8.6.- PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

1.- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2.- O prazo de prescrición empezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

3.- No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do

procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

8.7.- RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS.

1.- O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou tutores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2.- Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda polo natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

3.- O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste apartado é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

8.8.- CONDICIÓN DE AUTORIDADE PÚBLICA DO PROFESORADO.

1.- No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza de protección recoñecida a tal condición no ordenamento xurídico.

2.- No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais.

3.- O profesorado está facultado para requerir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e estea prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requerimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requerido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou titora ou titor, todo isto sen prexuízo das correccións disciplinarias que poida corresponder.

9.- TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

Na Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con

independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Para o tratamento de posibles casos de acoso, seguiremos o establecido no Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso elaborado pola Consellería de Educación.

10.- RECURSOS DISPOÑIBLES

Recursos humanos:

- Profesorado
- Alumnado
- Familias
- Persoal non docente do centro
- Persoal de outros servizos públicos: servizos sociais municipais, servizos médicos, Garda Civil...

Recursos materiais:

- Normativa relacionada coa convivencia
- Documentos básicos de actuación
- Bibliografía sobre o tema

11.- A FIGURA DA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

A persoa coordinadora de benestar e convivencia será designada pola dirección do centro de entre o profesorado do claustro, preferentemente con destino definitivo, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria.

Funcións

As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con

posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

Plan de traballo

1. O plan de traballo da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia incluírase No plan de convivencia do centro e incorporará, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación

deste.

b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro respecto aos ámbitos das súas funcións.

c) Obxectivos, nos cales se especificarán indicadores.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

2. O plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

Para cada unha das accións concretarase, como mínimo, a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

12.- DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Para garantir o coñecemento deste documento por parte de toda a comunidade educativa utilizaranse as seguintes canles de comunicación:

Claustro e consello escolar: antes da súa aprobación, e cada vez que se realicen modificacións, remitirase por e-mail a todo os membros destes dous órganos de goberno colexiados coa antelación suficiente para permitir o seu estudo e a presentación de emendas.

Comisión de coordinación pedagóxica: antes da súa aprobación, e cada vez que se realicen modificacións, tratarase nunha reunión deste órgano de coordinación docente, nun punto da orde do día, o contido deste documento favorecendo a discusión de todas as achegas que se queiran facer.

Comisión de convivencia: avisarase da súa publicación na páxina web do centro.

Alumnado: informarase nas titorías e notificaráselle o enlace da páxina web do centro.

Pais, nais e representantes legais do alumnado: informaráselles da súa publicación na páxina web.

De forma permanente este documento poderase consultar na sección de documentos xerais da páxina web do centro

13.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Este plan responde a un desexo de mellora e prevención dos problemas relacionados coa convivencia. Ao final de cada curso académico comprobarase o resultado das actuacións desenvoltas, que servirán de base para futuros deseños.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia será o responsable de elaborar ao final de cada curso unha memoria onde se recollan:

- Grao de cumprimento dos obxectivos e do plan de traballo.
- Participación da comunidade educativa no desenvolvemento das actuacións.
- Adecuación dos espazos e dos recursos materiais ao plan de actuación.
- Propostas para modificación e/ou mellora do plan para o curso seguinte.

ANEXO

PLAN DE TRABALLO DE BENESTAR E CONVIVENCIA *"Bembibre, ben vivir"*



Curso 2023-2024



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CPI DE BEMBIBRE
Rúa Socortes, 18-15873 Bembibre
881866981
cpi.bembibre@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpibembibre/>

Índice

INTRODUCCIÓN.....	
MARCO NORMATIVO.....	
ANÁLISE DO CONTEXTO.....	
OBXECTIVOS.....	
PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN.....	

INTRODUCCIÓN

Aprender a vivir xuntos, aprender a convivir cos demais, ademais de constituír unha finalidade esencial da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais.

Son moitas as razóns que fan que esta aprendizaxe sexa considerada non valiosa en si mesma, senón imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e máis pacífica.

A necesidade de elaborar un plan de traballo de benestar e convivencia, é un requisito indispensable, non só para cubrir un aspecto legal de obrigado cumprimento, senón para mellora a convivencia e o clima escolar como factor de calidade na educación, mellora a comunicación entre os distintos axentes da comunidade educativa, desenvolver valores democráticos como a tolerancia, a apreciación da diversidade e do diálogo e o fomento da participación de todos, buscar métodos máis eficaces de prevención e resolución pacífica de situacións de conflito e violencia e impulsar a formación integral dos alumnos como boas persoas e favorecer a súa transición dende o CPI a outros centros docentes de formación superior ou á vida laboral.

Desenvolver un plan destas características non pode facerse sin contar coa implicación dos principais destinatarios: o profesorado, o alumnado, as familias e todo o persoal do centro en xeral; requírese a total participación de toda a comunidade educativa, impulsando medidas formativas e desenvolvendo actitudes responsables e respectuosas.

MARCO NORMATIVO

Eido internacional

A [Declaración Universal de Dereitos Humanos](#), proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948, establécese como ideal común polo que todos os pobos e nacións deben esforzarse, a fin de que tanto os individuos como as institucións promovan, mediante a ensinanza e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren, mediante medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o seu recoñecemento e a súa aplicación de maneira universal e efectiva.

A [Convención dos Dereitos do Neno](#), ratificada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1989, recoñece o dereito da infancia a ser protexida por todo o persoal das institucións educativas contra todo xeito de abuso e/ou prexuízo; incidindo no dereito fundamental de nenos, nenas e adolescentes ao respecto da súa dignidade e integridade física e persoal.

A [Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade](#), de 2006, recoñece que os nenos e as nenas con discapacidade deben gozar plenamente

de todos os dereitos humanos e das liberdades fundamentais en igualdade de condicións. Destaca a importancia que para o logro desta finalidade teñen os axustes razoables ou as modificacións e adaptacións necesarias; así como o deseño universal, entendido como o deseño de produtos, contornas, programas e servizos que poidan utilizar todas as persoas, na maior medida posible, sen necesidade de adaptación nin deseño especializado.

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita fronte á violencia contra as mulleres e á violencia doméstica, coñecido como [Convenio de Istambul](#) (2011), ratificado polo Estado español, marcou o marco conceptual da violencia de xénero e expresou a necesidade de traballar desde o ámbito educativo a sensibilización, a prevención e a intervención ante situacións de violencia contra as mulleres.

Máis recentemente, o [Foro Mundial sobre educación \(2015\), aprobou a Declaración de Incheon para a Educación 2030](#), que recolle 17 obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS) entre os que se inclúe o obxectivo nº 4 referido á educación de calidade, que pretende garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, xunto coa promoción de oportunidades de aprendizaxe permanente para todo o alumnado.

A [Estratexia Europea pola Igualdade de Xénero 2020-2025](#) sinala o ámbito educativo como un dos espazos de traballo necesarios para reducir as fendas de xénero presentes en todos os eidos sociais

Eido nacional

A [Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero](#) recolle no capítulo I un amplo apartado dedicado ao traballo de sensibilización, prevención e intervención desde o ámbito educativo.

A [Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro](#), pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación reconece como fins da educación os seguintes: o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades, que permita superar os comportamentos sexistas. Así mesmo, a dita lei propón o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A [Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a](#)

adolescencia fronte á violencia recolle no seu artigo 35 a creación dunha figura que coordine o benestar e da protección ao alumnado que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou titularidade do centro.

A **Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación**, reflicte no seu artigo 13 a importancia de que as administracións educativas leven a cabo as actuacións necesarias para a prevención, atención e eliminación de todas as formas de discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual. Fomentárase a inclusión, nos plans de estudo nos que proceda as ensinanzas en materia de igualdade de trato e non discriminación, tolerancia e dereitos humanos, afondando no coñecemento e respecto doutras culturas, contribuíndo á valoración das diferencias culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no nodo país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos.

Eido autonómico

A **Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero** recolle no capítulo III un apartado específico dedicado ás medidas de actuación relacionadas co traballo de sensibilización, prevención e intervención desde o ámbito educativo. Na súa versión consolidada, engádese como foco de atención de interese os ciberdelitos relacionados coa violencia de xénero.

A **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa**, pioneira en aportar unha definición legal de acoso e ciberacoso, parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias. A dita lei incide moi especialmente na corresponsabilidade familia-escola nesta tarefa e vincula a regulación da convivencia nos centros docentes ao establecemento de canles para a súa participación no proceso educativo.

O **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación supón un importante avance para o impulso da atención á diversidade desde unha perspectiva de convivencia positiva.

A **Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia** reforzou o tratamento da diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero no ámbito educativo.

O **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, que desenvolve a Lei 4/2011, define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto e de solidariedade mutua. Define o plan de convivencia como o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que se deben acadar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar para acadar os obxectivos planificados. Créase mediante este decreto o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar, e responsable de impulsar a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025.

A **Resolución do 3 de xullo de 2018**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa favoreceu un avance decisivo na aposta pola formación das familias e pola súa inclusión nos procesos de ensino-aprendizaxe dos centros docentes.

A **Instrución do 6 de setembro de 2019**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional supuxo un impulso decisivo para a incorporación da coeducación como elemento transversal ao traballo dos centros.

A **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación desenvolveu polo miúdo os principios de convivencia e inclusión que trasladou o citado decreto

ANÁLISE DO CONTEXTO

A situación da convivencia no noso centro pódese valorar como positiva.

Na maioría dos casos, os conflitos adoitan presentarse como pequenos enfrontamentos entre iguais.

Os conflitos entre o alumnado de *Infantil* e *Primaria* son frecuentes e constitúen situacións habituais na escola. Estes conflitos acostuman xurdir como consecuencia da colisión de intereses (impaciencia por conseguir algún xoguete, disputa por ocupar un lugar, desacordos á hora de realizar un xogo ou actividade...) e teñen que ver co necesario reaxuste da experiencia compartida entre iguais. Normalmente son leves e transitorios polo que entendemos que non deben ser resoltos sen máis, mediante actitudes e mensaxes represivos.

Máis ben tentaremos que sexan aproveitados polos mestres dende unha perspectiva educativa para que, a través do seu tratamento cada neno e nena vaia axustando ao desexado a súa conduta social e interiorizando as normas e valores que deben regular a interacción cos demais.

No caso do alumnado de *Secundaria*, pensamos que están directamente relacionados coa falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, falta de ferramentas para resolver os conflitos adecuadamente... Os máis comúns son: interrupción na aula (interrupcións continuadas ao profesor/profesora, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos/coas compañeiros/as...), distracción e falta de interese, esquecemento do material necesario para o desenvolvemento da clase, desconsideración cara aos/ás compañeiros/as, cuestionar a autoridade do profesor/profesora, contestacións inadecuadas, pequenas pelexas e insultos...

OBXECTIVOS

OBXECTIVO 1

Revisar e redactar no marco do plano de acción tutorial actividades complementarias relacionadas co acoso escolar, co benestar emocional, coa coeducación e coa competencia dixital

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Obradoiro de igualdade impartido por <i>IGAXES</i> para o alumnado de 6º Primaria e 1º ESO	1º Trimestre	Grao de adecuación dos contidos e metodoloxía
Obradoiro de sexualidade impartido polo centro <i>Quérote+</i> para o alumnado de 3º ESO		
Charla-obradoiro de educación afectivo-social impartida pola matrona do Centro de Saúde de Bembibre coa colaboración da Orientadora do		

CPI para o alumnado de 5º e 6º Primaria		
Asistencia á representación da obra de teatro "O pequeno poni" (Redrum Teatro) para o alumnado de 1º e 2º ESO		
Taller de concienciación da diversidade funcional impartido por IGAXES para o alumnado de 1º Primaria		
Taller de habilidade sociais e acto-consecuencia para o alumnado de 4º Primaria		
Participación no programa educativo <i>Que non te llien, ti elixes</i> para o alumnado de 3º e 4º ESO		
Participación no programa educativo <i>Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais</i> para o alumnado de 4º ESO		

OBXECTIVO 2

Implementar asembleas de clase para analizar a marcha da convivencia en cada grupo (5º Primaria, 6º Primaria, ESO) e propor actuacións de mellora e comunicación das conclusións nas sesións trimestrais de avaliación

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Elaboración dun cuestionario por parte da Xefa do Dpto. de Orientación e das Xefaturas de Estudos de Primaria e Secundaria	1º Trimestre	Nivel de coordinación do profesorado encargado da súa elaboración
Resolución e análise do cuestionario por parte do alumnado co/coa seu/súa correspondente titor/a e posterior debate	Final do 1º, 2º e 3º Trimestres	Grao de implicación do alumnado
Redacción da acta que recolle as conclusións e acordos das medidas de mellora asinada polo/a titor/a e delegado/a	Final do 1º, 2º e 3º Trimestres	Grao de implicación e concienciación do alumnado
Xunta de delegados/as coas Xefatura de Estudos de Primaria e Secundaria	Final do 1º, 2º e 3º Trimestres	Nivel de implicación (asistencia, participación) de todos os membros

OBXECTIVO 3

Dinamizar os recreos do alumnado de Primaria e Infantil e ampliar a súa oferta con actividades lúdicas máis alá do fútbol

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Creación de espazos adicados a xogos tradicionais e/ou populares	1º Trimestre	N.º de alumnado participante
Pintada dunha parede do patio cuberto con pintura tipo lousa para fomentar a integración entre iguais	1º Trimestre	
Implementación de recunchos de lectura no patio de E.I./E.P. para usar nos recreos	2º Trimestre	

OBXECTIVO 4

Dinamizar os recreos do alumnado de Secundaria e ampliar a súa oferta con actividades lúdicas máis alá do fútbol con xogos de mesa

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
1ª reunión cos delegados/as e subdelegados/as para coñecer a súa opinión e valorar a súa implicación como "colaboradores" na proposta	1º Trimestre	Grao de aceptación
2ª reunión cos delegados/as e subdelegados para escoitar a súa suxestión de xogos	1º Trimestre	Número de posibles xogos
3ª reunión cos delegados/as e subdelegados para facer un reparto do alumnado colaborador ao longo do curso	1º Trimestre	Nivel de implicación dos/as delegados/as e subdelegados/as
Adquisición dos xogos de mesa por parte do centro	1º Trimestre	Número de xogos comprados
Posta en marcha da iniciativa	2º Trimestre	N.º de alumnado participante

OBXECTIVO 4

Permitir que o alumnado de Primaria (de 3º a 6º Prim.) e da ESO exprese as súas opinións e sentimentos en relación á convivencia e ao seu benestar no centro educativo

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Concurso para a elaboración dunhas caixas de correo por parte do alumnado de Primaria (3º, 4º, 5º e 6º)	2º Trimestre	Grao de implicación do alumnado
Elaboración do logotipo das caixas de correo anteriores por parte do alumnado de Secundaria, os cales serán a imaxe representativa deste mesmo plan. Utilizarase o lema <i>"Bembibre, ben vivir"</i>	2º Trimestre	Grao de implicación do alumnado
Defensa oral por parte de 2 alumnos/as de cada curso para presentar o seu traballo final ao alumnado da ESO	2º Trimestre	Grao de implicación do alumnado
Votacións por parte do alumnado da ESO para elixir 2 caixas: unha para EP e outra para ESO	2º Trimestre	Grao de implicación do alumnado
Posta en marcha do uso das caixas de correo en EP e ESO para comunicar suxestións, dúbidas, desexos, propostas, etc acerca da convivencia e benestar no centro	2º Trimestre	N.º de comunicacións recibidas por parte do alumnado de EP e ESO

OBXECTIVO 5

Fomentar a integración do alumnado de E.I. e E.P. cos iguais

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Pintada do "banco da amizade"	1º-2º Trimestre	Grao de implicación do alumnado

OBXECTIVO 6

Incluír no plan anual de formación do centro actividades relacionadas coa convivencia e benestar no centro

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Solicitud ao CAFI dun seminario de intervención na aula para a mellora do benestar de 20 horas de duración	1º Trimestre	Grao de resposta do organismo competente

Asistencia do profesorado interesado ás 6 horas de formación presencial	2º Trimestre	Nivel de implicación e traballo do profesorado interesado
Reunións e traballo do profesorado interesado na redacción do <i>Protocolo de benestar emocional</i>	2º Trimestre	

OBXECTIVO 7

Promover formación ás familias interesadas en escoitar e debater diferentes temas que lle afectan aos seus/súas fillos/as ou lles preocupan a eles en colaboración coa ANPA e co CAFI: sexualidade, adolescencia, prevención de drogadependencias, uso das redes sociais, etc.

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Comunicación coa ANPA para valorar o seu interese en colaborar co centro	1º Trimestre	Grao de interese
Solicitude dende o centro de posibles actividades para familias por parte do CAFI	1º-2º Trimestres	Grao de resposta do organismo competente

OBXECTIVO 8

Traballar a inclusión en E.I, Primaria, ESO facendo fincapé en que a sociedade está composta por grandes diferenzas entre todos nós

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Realización por parte do alumnado de Primaria dun quebracabezas	1º Trimestre	Grao de implicación do alumnado
Exposición do quebracabezas de Primaria e lectura dun manifesto por parte do alumnado de Secundaria	1º Trimestre	Grao de implicación do alumnado

OBXECTIVO 9

Rexistrar os conflitos de todo o centro educativo co fin de ter unha visión real da convivencia no centro

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Rexistro das condutas sancionadas (Primaria)	Todo o curso	Nº de condutas rexistradas
Rexistro dos partes de incidencia	Todo o curso	Nº de partes de

(Secundaria)		incidencia rexistrados
Rexistro dos expedientes disciplinarios	Todo o curso	Nº de expedientes disciplinarios rexistrados

OBXECTIVO 10

Dar a coñecer a toda a comunidade educativa a [Guía para o desenvolvemento do plan de benestar emocional](#)

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Divulgación da Guía a través da web do centro educativo	Todo o curso	Nº de visitas rexistradas

OBXECTIVO 11

Previr, detectar a violencia de xénero e sensibilizar ao alumnado de Educación Secundaria sobre ese tema.

ACCIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADOR
Charla informativa sobre a violencia de xénero para o alumnado de 3º e 4º da ESO	2º Trimestre	Grao de interese e participación do alumnado

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Sendo este o primeiro ano que botamos a andar o plan de traballo de benestar e convivencia do centro, ao cabo do ano faremos un balance para supervisar os seguintes aspectos:

- Cumprimento do plan establecido, actuacións que non se desenvolveron.
- Impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- Dificultades observadas no desenvolvemento das accións.
- Necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

Logo da análise e da valoracións destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares na Memoria final de curso co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CPI DE BEMBIBRE
Rúa Socortes, 18-15873 Bembibre
881866981
cpi.bembibre@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpibembibre/>
